



## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 02 DE NOVEMBRO DE 2020**

**3. Proposta do concelleiro delegado de barrios e obras relativa á aprobación do proxecto modificado das obras de reurbanización da rúa Clara Campoamor. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020. CON/48/2019.** Apróbase o citado proxecto de modificación, cun gasto de **97.070,59 euros**, IVE engadido, que se destinarán á substitución da varanda, reposición e impermeabilización dun edificio afectado e acabado pulido do formigón da praza. O prazo de execución estenderase a dous meses a contar dende a sinatura da acta de implantación.

**4. Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrio e Obras, relativa á aprobación do expediente denominado “Aluguer dun local situado na Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela”, no lugar de Sigüeiro.** Acórdase a aprobación do citado expediente, así como a súa adxudicación a “La iglesia católica. Arzobispado de Santiago de Compostela”, propietaria da devantida Casa Parroquial por un importe de **450 euros**, IVE engadido (371,9 euros máis 21% de IVE que ascende a 78,1 euros).

**12. Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao arrendamento dun local de planta Baixa no edificio Salvador Parga 4-5 para destinalo a centro sociocultural da zona vella. PTM/104/2019.** Acórdase arrendar á Fundación Galicia Obra Social o citado local, atendendo á especial idoneidade coa finalidade de destinalo a Centro sociocultural da zona vella, por un importe de **2.904 euros** para o que queda da anualidade 2020. O contrato de 15 anos de duración, establece uns prezos, sen IVE, de 1.200 euros nas dúas primeiras anualidades; 1.400 euros para a terceira e cuarta ata a decimoquinta; e 1.700 euros para o período de prórroga co correspondente incremento de IPC e IVE. O local conta cunha superficie aproximada de 325 metros cadrados, á que se une o xardín ubicado na parte de atrás de case 245 metros cadrados.

**13. Proposta da alcaldía para a subscripción dun convenio entre Concello e a Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI), para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2020.** Apróbase o citado convenio de colaboración, así como o gasto de 15.000 euros que conleva a súa execución, a favor de COGAMI. O obxectivo deste convenio é apoiar intervencións dirixidas á inserción sociolaboral e mellora da empregabilidade de colectivos en risco de exclusión social; así como o seu adestramento en competencias e habilidades de autonomía persoal e relación coas redes de apoio social.

**14. Dar conta da sinatura do convenio co Consorcio para a redacción do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo cos seus xardíns e hortas, zona de acceso e núcleos da contorna PE-1 R.** Dáse conta do convenio mediante o cal o Consorcio e o Concello de Santiago colaborarán na redacción do citado plan especial, que integrará o ámbito delimitado polo vixente Plan xeral de ordenación municipal. O Consorcio e o Concello colaborarán na realización dos traballos, ata que finalice a tramitación coa aprobación definitivas.

**16. Proposta da concelleira delegada de Contratación relativa á aprobación do proxecto do expediente de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-15 financiado con baixas por anulación.** Acórdase a tramitación do citado expediente modificativo de crédito (modalidade de crédito extraordinario) cun importe de 200.000 euros, que ten a súa correspondencia coa anualidade de 2020 polo que o concello de Santiago se compromete achegar no marco do Plan de Sostibilidade Turística de Santiago de Compostela, a incluír nunha nova aplicación orzamentaria en nun novo proxecto de gasto que se creará desde a Oficina de orzamentos para a xestión do Plan de Sostibilidade Turística. A aportación municipal será de 1.000.000 de euros, divididos en tres anualidades:

- 2020. 200.000 euros.
- 2021. 400.000 euros
- 2022. 400.000 euros.

O crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación da partida destinada ao subministro de electricidade; grazas á minoración do prezo KW/h. e o aforro enerxético de anos anteriores nas infraestruturas de alumeadado municipal.

**19. Dar conta de sentenzas.** Dase conta.

**20. Dar conta das resolucións das concellerías delegadas.** Dase conta.

## **URXENCIAS**

- 1. Aprobación inicial da modificación da ordenanza 3.24.** Acórdase a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal 3.24, relativa á taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local, consistente na inclusión da seguinte disposición adicional: "Excluír durante o ano 2021 do feito impoñible desta taxa pola utilización privativa e o aproveitamento do dominio público local as ocupacións de solo recollidas na letra g), con mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalería e outros elementos análogos con finalidade lucrativa. Esta modificación deberá ser aprobada definitivamente en pleno.